

# O bocoí de amontillado

Edgar Allan Poe

Tradución de Servando Doval



# Edgar Allan Poe

## O bocoí de amontillado

Versión galega de Servando Doval

Cangara coas miles de injurias de Fortunato o mellor que puidera, mais cando se atreveu a insultarme, xurei vingarme. Vós, que tan ben coñecéde-la natureza da miña alma, non pensaredes que expresei con palabras a máis lixeira ameaza. Co tempo acadaría a miña vinganza, esa decisión xa estaba tomada, pero a mesma determinación coa que me decidira excluíra calquera idea de risco. Non se trataba só de castigar, senón que tiña que facelo con impunidade. Unha ofensa queda sen reparar cando o castigo se volve na contra do vingador, ou cando este non logra facerlle sabe-la súa condición ó causante da aldraxe.

Cómpre saber que Fortunato non podía sequera dubidar da miña boa vontade, xa que non lle dera ocasión para facelo, mediante palabras ou feitos. O meu costume de sorrirle cando o vía continuaba, mais el non se decatara de que o facía ó imaxina-la súa inmolação.

O devandito Fortunato tiña un punto fraco, aínda que polo demais era un home respectado e mesmo temido. Gabábase de ser un experto en viño. Poucos italianos teñen o talento dun auténtico catador de viños. Na maioría dos casos, o seu entusiasmo adáptase ó tempo e á ocasión necesarias para enganar mediante imposturas ós millonarios austríacos e británicos. No tocante á pintura e ás alfaias, Fortunato, ó igual cós seus compatriotas, era un auténtico lingoreteiro; cando se trataba de viños anellos, dicía a verdade. Neste sentido non me diferenciaba del substancialmente; de feito eu era un bo coñecedor dos viños italianos, e compráboas a moreas cando podía.

Foi cara ó solpor dun día, na loucura suprema do entroido, cando atopei ó meu amigo. Abordoume con excesiva amabilidade, debido a que bebera demasiado. O pobre ía disfrazado de bufón. Levaba un traxe moi cinguido con listas de varias cores, e a cabeza coroada cun chapeu en forma cónica ornamentado con axóuxeres. Estaba tan contento de velo que non vía o final daquel estreitamento de mans.

–Meu querido Fortunato –díxenlle–, xusto a persoa que andaba a buscar. Ten vostede moi bo aspecto hoxe. Verá, o caso é que recibín un bocoí dun suposto amontillado, e a verdade é que teño as miñas dúbidas.

–¿Como? –respondeu–. ¿Amontillado? ¿Un bocoí? ¡Imposible! ¡En pleno entroido!

–Teño as miñas dúbidas –respondín–, e fun tan parvo que paguei aquel prezo polo amontillado sen sequera consultalo con vostede. Non o atopei por ningures, e tiña medo de estar desprezando unha ganga.

–¡Amontillado!

–Teño as miñas dúbidas.

–¡Amontillado!

–E debo aclaralas.

–¡Amontillado!

–Como vexo que está ocupado, consultareino con Luchresi. Se hai alguén que saiba disto, é el. Saberá dicirme...

–Luchresi non podería diferencia-lo amontillado do xerez.

–E sen embargo algúns idiotas pensan que o seu gusto é equiparable ó de vostede.

–Veña, imos aló.

–¿Onde?

–Ás súas bodegas.

–Non, meu amigo. Non quero aproveitarme da súa amabilidade. Coido que ten vostede algún compromiso. Luchresi...

–Non estou ocupado. Veña.

–Non, meu amigo, non se trata só do compromiso. Polo que vexo padece vostede un grave arrefriado, e as bodegas son terriblemente húmidas. Están recubertas de salitre.

–Tanto ten, imos aló. Este arrefriado é pouca cousa. ¡Amontillado! Seica o estafaron. E respecto de Luchresi, ese non é capaz de distinguir entre o xerez e o amontillado.

Dicindo isto, Fortunato colleume do brazo. Púxenme unha máscara de seda negra e, cinguindo a miña capa, deixei que me levara canda o meu palacio.

Os serventes non estaban na casa, pois fuxiran para se divertir celebrando o entroido. Dixéralles que non volvería ata a mañá seguinte, e déralles ordes explícitas de non andar alborotando pola casa. Estaba seguro de que, cos meus mandatos, liscarían todos de contado en saíndo eu pola porta.

Collín dous fachos dos seus apliques e, dándolle un a Fortunato, conducino a través dos diversos cuartos ó pasadizo que levaba ás bodegas. Baixei por unha longa e sinuosa escaleira, pregándolle que tivese coidado mentres me seguía. Finalmente chegamos ó pé da escaleira, e ficamos no húmido chan das catacumbas dos Montresor.

O meu amigo camiñaba con paso vacilante, e os axóuxeres do seu chapeu tintinaban a cada paso.

–O bocoi –dixo.

–Está máis lonxe –respondín–, mais observe eses fios brancos que brillan nas paredes desta gruta.

Volverse canda min, e fitoume con ollos embazados, que destilaban as bágoas producidas pola embriaguez.

–¿Salitre? –preguntou finalmente.

–Salitre –respondín. ¿Hai moito que ten vostede esa tose?

–¡Ehem! ¡Ehem! ¡Ehem! ¡Ehem! ¡Ehem! ¡Ehem! ¡Ehem! ¡Ehem! ¡Ehem! ¡Ehem!  
¡Ehem! ¡Ehem! ¡Ehem! ¡Ehem! –o coitado do meu amigo non foi quen de falar durante un  
anaco.

–Non é nada –dixo por fin.

–Veña –díxenlle con firmeza–, regresemos. A súa saúde é sagrada. É vostede rico, respectado,  
admirado, querido... En definitiva, é feliz, como o era eu antes. A xente necesítalo; polo que a min  
respecta, tanto ten: retornaremos. Corre perigo de enfermarse, e non quero se-lo responsable.  
Ademais, Luchresi...

–¡Abonda! –dixo–. Esta tose non é nada, non me vai matar. Non vou morrer por unha tose.

–Certo, certo –respondín–. Non era a miña intención alarmalo innecesariamente, mais debe ser  
cauteloso. Un grollo deste Médoc protexerá contra a humidade.

E dicindo isto partín o colo dunha botella que sacara dunha longa fila de Médocs que xacían  
sobre a carriza.

–Beba –díxenlle, ofrecéndolle o viño.

Levou a botella ós beizos mirándome de esguello. Vacilou e asentiu con confianza, ó tempo que  
tintinaban os seus axóuxeres.

–Brindo –dixo– polos mortos que repousan entre nós.

–E eu brindo por que teña vostede unha longa vida.

Volveu collerme do brazo e continuamos.

–Estas bodegas –afirmou– sonche ben grandes.

–A Montresor –respondílle– era unha familia grande e numerosa.

–¿Como eran as súas armas?

–Un grande pé de ouro, nun campo azul. O pé esmaga unha serpente rampante cos seus cabeiros  
cravados no talón.

–¿E o lema?

–Nemo me impune lacessit [\[1\]](#).

–¡Moi ben! –sentenciou.

O viño escintilaba nos seus ollos e os axóuxeres tintinaban. A miña propia fantasía aumentou co  
Médoc. Despois de pasar a través de longos muros formados por esqueletos, mesturados con  
bocois e toneis, chegamos ós lugares máis recónditos das catacumbas. Detívenme de novo, mais  
esta vez usei coller do brazo a Fortunato, por riba do cóbado.

–¡O salitre! –exclamei–. Mire, cada vez é máis abundante, pendurado como se fose brión. Estamos por embaixo do leito do río. As gotas producidas pola humidade discorren polos seus osos. Veña, temos que volver antes de que sexa demasiado tarde. A súa tose...

–Non é nada –respondeu–, sigamos. Pero antes outro grollo do Médoc.

Rompín un botellón de De Grave e paseillo. Chimpouno nun momento. Riu e guindou a botella cara arriba cun xesto que non puiden comprender.

Olleino abraiado. Repetiu o movemento... sen dúbida grotesco.

–¿Non o comprende? –dixo.

–Non –respondín.

–Logo non pertence vostede á irmandade.

–¿Como?

–Non é vostede un masón.

–Si, si –afirmei–. Son.

–¿Vostede? ¡Imposible! ¿Un masón?

–Un masón –respondín.

–Un sinal –dixo–, un sinal.

–Este –díxenlle, sacando unha paleta de embaixo do meu roquelaure.

–Seica bromea –exclamou, retrocedendo uns pasos–. Deixémonos de lerias e vexamos ese amontillado.

–De acordo –dixen, gardando a ferramenta por dentro da capa e ofrecéndolle de novo o meu brazo. Apoiouse pesadamente e continuamos a nosa ruta na busca do amontillado. Despois de pasar por unha serie de arcos baixos, descendemos, continuamos o noso camiño e, descendendo de novo, chegamos a unha profunda cripta. O aire estaba tan viciado que os nosos fachos refulxían no canto de arder.

O extremo máis arredado da cripta conducía a outra menos espaciosa. As paredes estaban cubertas de restos humanos, amontoados no alto da bóveda, ó estilo das grandes catacumbas de París. Tres lados desta cripta interior levaban eses adornos. No cuarto lado os osos foran arrebolados, e xacían a moreas no chan, formando nunha parte un montón de certa altura. Dentro da parede que quedara ó descuberto polo desprazamento dos osos, descubrimos un recuncho silencioso. Tiña máis dun metro de profundidade, un metro escaso de largo e dous metros de altura. Non parecía ser construído para ningún uso en particular, senón que facía de simple descanso entre os dous enormes piares que sostiñan o teito das catacumbas, e estaba apoiado por

unha das paredes de sólido granito que o rodeaban.

Fortunato tratou en balde de penetrar na profundidade daquel recuncho, levantando o facho a piques de se consumir. A súa feble luz non nos permitía discernir con claridade.

–Entre vostede –dixen–, o amontillado está aquí dentro. Respecto de Luchresi...

–É un ignorante –interrompeume o meu amigo. Avanzaba vacilante comigo xusto detrás del. Chegou ó outro extremo do nicho nun momento, mais ó atopar unha roca que se poñía no camiño, ficou perplexo coma un idiota. Tan só un intre despois xa o encadeara ó granito. Na súa superficie había dúas argolas de ferro, separadas horizontalmente por medio metro. Dunha delas saía unha pequena cadea, da outra un cadeado. Unha vez rodeado o seu van, foi cousa de segundos suxeitalo. Estaba demasiado abraiado para se resistir. Collín a chave e retrodecín para saír do recuncho.

–Pase a súa man pola parede –díxenlle– e poderá sentir o salitre. Verá que húmida está. Prégolle de novo que volvamos. ¿Non? Daquela véxome obrigado a abandonalo. Pero déixeme ocuparme de vostede como se merece.

–¡O amontillado! –exclamou o meu amigo, que non daba saído do seu asombro.

–Abofé –respondín–, o amontillado.

E dicindo isto, ocupeime do montón de osos dos que falara anteriormente. Boteinos a un lado e descubrí unhas cantas pedras para construción e morteiro. Con estes materiais e a axuda da miña paleta, comecei a amurallar a entrada do nicho.

Inda non rematara de poñer a primeira ringleira cando me decatei de que a ebriedade de Fortunato esvaecera en grande medida. O primeiro indicio foi un choro procedente do fondo do recuncho. Non era o pranto dun borracho. Produciuse un silencio longo e pertinaz. Coloquei a segunda ringleira, e a terceira, e a cuarta... Foi entón cando oín as fortes vibracións provocadas polas cadeas. O ruído durou varios minutos, durante os cales, para deleitarme, interrompín o meu labor e senteime nos osos. Cando o rechío esvaeu, volví colle-la paleta e rematei sen interrupción a quinta, sexta e sétima ringleira. O muro estaba a piques de chegar á altura do meu peito. Volvinme deter e, sostendo o facho por riba do meu traballo de albanelería, apuntei con este á figura que se encontraba no interior.

A sucesión de berros intensos e arrepiantes que saían da gorxa do encadeado parecían facerme recuar por un momento. Vacilei un instante, aterecido. Desenvaiñei o meu estoque e metino polo oco do muro, mais abondou un intre de reflexión para calmarme. Toquei a sólida estrutura das catacumbas e respirei aliviado. Acerqueime de novo ó muro, respondín ós berros de aquel que clamaba. Repetín o que el dicía, ofrecílle a miña axuda, berraba máis forte e máis alto. Ó facer isto, o queixoso foi calando.

Xa era medianoite, e estaba a piques de rematar a miña tarefa. Completara a oitava, novena e décima ringleira e acabara unha parte da undécima e última, só faltaba por poñer unha pedra. O

peso dábase problemas, púxena parcialmente na súa posición de destino. Do interior do nicho xurdiu entón un lixeiro riso que me puxo a pel de galiña. Seguiulle unha voz triste, na que recoñecín con dificultades ó nobre Fortunato. A voz dicía:

–¡Ha, ha, ha!, ¡he, he, he!, unha broma moi boa, unha chanza excelente. Escacharemos coa risa cando esteamos no palacio, ¡he, he, he!, mentres bebemos viño, ¡he, he, he!

–O amontillado! –dixen.

–¡He, he, he! ¡He, he, he! Si, o amontillado. ¿Pero non se está a facer tarde? ¿Non estarán esperando por nós no palacio, a señora Fortunato e os demais? Será mellor que marchemos.

–Si –dixen–, marchemos.

–¡Polo amor de Deus, Montresor!

–Si –respondín–, ¡polo amor de Deus!

Mais ninguén respondeu a estas palabras. Agardei en van por unha resposta. Impacienteime. Chameino en voz alta...

–¡Fortunato!

Non houbo resposta. Volvín chamalo.

–¡Fortunato!

Tampouco houbo resposta. Introducín un facho pola abertura restante e deixei-no caer dentro. O tintineo dos axóuxeres foi a única contestación. Sentía unha dor no corazón, causada pola humidade das catacumbas. Bulín para remata-lo traballo. Conseguí-n coloca-la derradeira pedra no seu sitio e revoqueina. Volvín apiña-la vella muralla de osos contra a nova albanelería. Durante medio século ningún mortal a molestou.

In pace requiescat!<sup>[2]</sup>

FIN

---

[1] *Ningúen me fire impunemente* [N. do t.].

[2] *En paz descanse* [N. do t.].